



**A POBRA
DO CARAMIÑAL
DEPORTES**



**Federación
Galega de
Atletismo**



**Deputación
DA CORUÑA**

XIII CARREIRA POPULAR CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

V CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES BARBANZA AROUSA

VIII CIRCUÍTO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN DA CORUÑA

No domingo 28 de agosto de 2022 terá lugar no concello da Pobra do Caramiñal a 13.^a edición da Carreira Popular deste concello, organizada polo Concello da Pobra do Caramiñal, a Asociación de Atletismo e Deportes do Barbanza e a Federación Galega de Atletismo. Esta carreira será a proba do Circuito de Carreiras Populares Barbanza Arousa e tamén pertence ó VIII Circuito Provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña.

A carreira contará co protocolo anti-COVID-19 (FISI-COVID – DXT GALEGO). As probas poderán disputalas tanto atletas federados/as en atletismo coma non federados/as. Estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e seguirán o seguinte regulamento:

1- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:

As categorías de competición serán as seguintes:

SUB-6	2018-2017
SUB-8	2016-2015
SUB-10	2014-2013
SUB-12	2012-2011
SUB-14	2010-2009
SUB-16	2008-2007
SUB-18	2006-2005
SUB-20	2004-2003
SUB-23	2002-2001-2000
SÉNIOR H/M	de 1999 ata 1988
MÁSTER 1 H/M	de 1982 ata 1987
MÁSTER 2 H/M	de 1972 ata 1981
MÁSTER 3 H/M	de 1962 ata 1971
MÁSTER 4 H/M	de 1961 e anteriores
SAPATILLA INCLUSIVA H/M	Categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional

2- HORARIO DAS PROBAS:

HORA	CATEGORÍA	NADOS	DISTANCIA
10.45	SUB-10	2014-2013	650 m
11:00	SUB-12	2012-2011	1200 m
11.15	SUB-14	2010-2009	1850 m
11.30	SUB-16	2008-2007	3900 m (1º paso pola meta)
11.30	SAPATILLA INCLUSIVA		3900 m (1º paso pola meta)
11:30	SUB-18 – SUB-20 – SUB-23 – SÉNIOR – MÁSTER 1,2,3 e 4	2006 e anteriores	8000 m aprox. (2 voltas ó circuíto)
12.45	SUB-8	2016-2015	400 m
13.00	SUB-6	2018-2017	200 m
13.30 h	ENTREGA DE PREMIOS		

3- INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

As inscricións realizaranse en liña (*online*) a través da páxina web www.emesports.es

Os prezos de inscrición serán os seguintes:

✚ Sub-6, 8, 10, 12, 14, 16 e Sapatilla Inclusiva

GRATUÍTO

✚ Persoas adultas (de sub-18 a máster)

6 €

INFORMACIÓN:

Para máis información poderán acudir ó Dpto. dos Deportes do Concello da Pobra do Caramiñal, na casa da cultura e Xuventude Raquel Fernández Soler no horario de 9:30 h a 14:30 h

Para información telefónica, 981832590 / 981831545 ou no teléfono móbil 619229946.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata xoves 25 de agosto ás 14 horas.

4- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderanse recoller na praza Maior da Pobra do Caramiñal ata **MEDIA HORA ANTES DO INICIO DE CADA CARREIRA.**

5- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS:

A saída das probas estará situada na rúa Xerardo Fernández Albor. A meta estará colocada no interior da praza Alcalde Segundo Durán.

Percorrido: rúa Fdez. Albor, peirao comercial, aparcadoiro Díaz de Rábago, rúa Anxo Rei Ballesteros, rúa Castelao, rúa da Ponte, rúa Gavoteira, rúa Luís Seoane, paseo dos Areos, rúa Venecia, ponte de Santo Antonio, paseo dos Areos, rúa Anxo Rei Ballesteros, rúa Fdez. Albor e meta na praza Alcalde Segundo Durán.

6- PREMIOS E AGASALLOS:

A entrega de trofeos realizarase no lugar da meta a partir das 13:30 h

Outorgaranse os seguintes trofeos:

- Medallas a tódolos/as participantes nas categorías sub-6 e sub-8.
- Trofeos ós/ás tres primeiros/as clasificados/as por categoría.
- Premios en metálico e agasallos ós/ás cinco primeiros/as clasificados/as da xeral.
- **Camiseta técnica para os/as participantes na proba absoluta (8000 m aprox.).**

PREMIOS EN METÁLICO PROBA ABSOLUTA:

HOMES

- 1.º) **200 €**
- 2.º) **100 €**
- 3.º) **75 €**
- 4.º) **50 €**
- 5.º) **30 €**

MULLERES

- 1.ª) **200 €**
- 2.ª) **100 €**
- 3.ª) **75 €**
- 4.ª) **50 €**
- 5.ª) **30 €**

Ós/ás atletas gañadores/as dos premios en metálico poderáselles requirir documentación acreditativa da súa identidade (o DNI ou o permiso de circulación en vigor).

7- SERVIZOS MÉDICOS E FISIOTERAPIA:

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil e servizo de fisioterapia na zona de chegada.

8- RECLAMACIÓNS:

Tódalas reclamacións deberán ser feitas verbalmente ó xuíz árbitro da competición, situado na zona da meta, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán expostos nun lugar visíbel pola organización.

9- DESCUALIFICACIÓNS:

Os/as xuíces/as da proba e membros da organización reservarán para si a facultade de descualifica-lo infractor/a con respecto a quen se comprobe calquera irregularidade: que non leve visíbel o seu dorsal, que o manipule ou ceda a outro/a, que altere os datos facilitados á organización ou ó xuíz árbitro con respecto ós que figuran no seu DNI ou ficha federativa, que non complete o percorrido, que manifeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira ou incumpra calquera outra norma recollida nas normas de competición vixentes da **FGA** e **RFEA** para probas en ruta.

Serán descualificados os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía local, Protección Civil, Garda Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

Os/as corredores descualificados/as perderán o dereito a recibiren calquera premio en metálico ou trofeo.

10- RESPONSABILIDADE:

A organización non terá a responsabilidade dos danos que puidesen causar, ou causar a si mesmas, as persoas participantes por imprudencias ou negligencias propias. Igualmente, as persoas participantes declaran, polo feito de se inscribiren, baixo a súa responsabilidade, ter realizado o oportuno recoñecemento médico que lles permite estar en condicións óptimas para realiza-la proba, eximindo a organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

11- PARTICIPACIÓN DE ATLETAS DOUTRAS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS E ESTRANXEIROS/AS:

Nesta proba a participación de atletas estranxeiros/as e doutras federacións autonómicas rexerase de acordo co disposto no artigo 3.4. do "**Reglamento para las competiciones de la temporada de campo a través, marcha, carreras en carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre**" da tempada 2022. Máis información desta norma na seguinte ligazón:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03_reglamento_comp.pdf

12- ARTIGO 23: LOPD

Tódolos/as corredores/as ó realiza-la inscrición aceptan a publicación do seu nome e da súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación ou Internet.

CONSIDERACIÓN FINAL:

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerese polas normas vixentes da **FGA e RFEA**.

NOTA: Esta proba pertence ó calendario oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade civil, así como a xestión da licenza de día e *ranking* popular de probas de ruta. En todo o caso e tal como establece a lei de protección de datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, avenida de Glasgow, 13 - 15008 A Coruña.